

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Fundación Alcohol y Sociedad (FAS)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DECLARA:

Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar coa Fundación Alcohol y Sociedad (FAS) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata finais do curso académico 2025-2026, isto é o día 31 de agosto de 2026, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Fundación Alcohol y Sociedad (FAS) nas accións e actividades dirixidas á prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, "faise fincapé na promoción de estilos de vida saudables entre o alumnado desta etapa, esencial para o seu desenvolvemento".

Que FAS é unha entidade sen ánimo de lucro, creada no ano 2000, co obxectivo principal de loitar contra o consumo de bebidas con contido alcohólico en colectivos de risco, menores e condutores, utilizando a prevención e a educación como unha única vía insubstituíble para erradicar este tipo de condutas, a través de proxectos de intervención social que de forma eficaz alcancen este obxectivo, que ten entre as súas principais finalidades (tal e como se explicita nos seus Estatutos) a loita contra o consumo de alcol en colectivos de risco, (menores, condutores, embarazadas etc.) entre os que destaca especialmente, os menores de idade.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da educación no consumo



responsable de bebidas alcohólicas, pero especialmente na prevención deste consumo en menores de idade, por ser o colectivo de maior risco e desprotección, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

Judith Fernández Novoa

